



RÍO BAROSA

Adela Leiro, Mon Daporta



Distancia: 2 km
Dificultade: media
Duración: 1 hora



Unha ruta no concello de Barro para descubrir, en catrocentos metros, o conxunto de fervezas e dezanove muíños que aproveitan o forte desnivel da caída do río Barosa, un afluente do Chaín que á súa vez vai ao Umia. Unha paraxe onde poderemos gozar de fermosas paisaxes que cambian en cada época do ano polo xogo da auga e a pedra e a rica natureza que o rodea.

COMO CHEGAR: na estrada N-550, pasado Barro en dirección a Caldas de Reis un indicador á dereita sinala Parque Natural do río Barosa. A primeira parte sobe a carón das fervezas e muíños salvando un forte desnivel. O resto segue o río ata unha ponte onde de pode cruzar para dar volta. Pódese completar coa subida ao santuario de San Breixo que alonga a ruta 1 km.

